

UNHA HISTORIA FANTÁSTICA

Texto e ilustracións de BRUNO HEITZ

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 48 páx. 14 €.

[Unha historia fantástica](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-279-3. Álbum ilustrado. Demademora.

[Una historia fantástica](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-280-9. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[Una història fantàstica](#) (català)

ISBN 978-84-18558-87-0. Àlbums il·lustrats. Obres d'autor/a

Era un home cunha camioneta que non freaba nada ben.

Era unha vaca que cruzou a estrada sen mirar...

Unha cadea de "tráxicos" acontecementos que, por sorte, se resolven favorablemente.

"Unha historia fantástica" é unha aventura delirante que presenta unha realidade de obxectos partidos pola metade, que propicia aos máis pequenos a posibilidade de facer os seus primeiros xogos de palabras. As ilustracións están realizadas a partir de obxectos tridimensionais, que parecen saír das páxinas.

Bruno Heitz, escritor e ilustrador francés, residente en Saint-Rémy de Provence, creou un álbum diferente, a partir dunha "historia fantástica", unhas pezas de madeira e uns personaxes cómicos.

Desde o primeiro momento, adivíñase unha traxedia: un granxeiro cunha furgoneta que non frea ben e unha vaca que ten sede e debe cruzar a estrada para chegar ao río. Vaca e furgoneta, partidas en anacos, caen espalladas polos arredores, pero o granxeiro, nin lento nin preguiñoso, decide montar un *puzzle* cos restos do accidente, e co torso da vaca e o remolque da camioneta constrúe un curioso vehículo, que nin corre moito, nin dá bo leite (agás para quen aprecie o sabor a gasolina).

Con todo, nun golpe de sorte, atópanse cunha cabra que está a ser devorada por un lobo. E o granxeiro, facendo uso da súa imaxinación e a súa habilidade, logra ensamblar o torso da vaca e os cuartos traseiros da cabra: naceu a 'Vacabra'. Quedou sen camioneta, pero co diñeiro que lle dá o bo queixo que obtén do seu híbrido, compra unha moito mellor.

O máis rechamante do álbum, en forma de colaxe, é que mestura a pintura con figuras de madeira. Deste modo, xunto cos fondos planos, encontrámonos con personaxes e obxectos que case sobresaen do papel.

Alén disto, outra característica das ilustracións é a súa carga onomatopeica, con elementos de cómic, que dan moita máis forza se cabe ao elemento visual. O cal, unido a unha historia cómica e absurda, compón un álbum moi divertido e esteticamente brillante.



■ **Temática:** humor.

■ **Idade recomendada:** desde 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** xogar a crear palabras compostas: va-cabra; ilustracións de colaxe e madeira; sucesos accidentados; onomatopeas; 'nonsense'.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/unha-historia-fantastica-g>

Bruno Heitz

(Francia, 1957)

Aínda que naceu ao norte da rexión do Loira, trasladouse a Italia cando tiña 18 anos. En Arles transcorreron 20 anos da súa vida. Dedicouse a escribir libros infantís e cómics, que se distribuían polas bibliotecas municipais. Colaborou con editoriais como Circunflexe, Mango e Seuil. Tamén participa en actividades de animación á lectura nos centros escolares.



www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com